



BAÍA EDICIÓNS



I PREMIO FINA CASALDERREY

DE LITERATURA INFANTIL POLA IGUALDADE

Co motivo da celebración do 8 de marzo, para promover a educación en igualdade e como homenaxe a todas as persoas que fixeron a aposta de escribir literatura infantil non sexista, Baía Edicións convoca o **I PREMIO FINA CASALDERREY** de literatura infantil pola igualdade, que se rexerá polas seguintes

BASES:

Primeira

Poderán concorrer ao premio autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten os orixinais escritos en lingua galega conforme á normativa vixente.

As obras deberán atender ao concepto de literatura infantil non sexista e coeducativa en calquera dos seus aspectos, introducindo elementos críticos que cuestionen o modelo social sexista dominante.

Segunda

As obras a concurso deben ser orixinais, inéditas e non premiadas. O feito de participar implica o compromiso de non optar a outros premios coas mesmas obras mentres non se resolva este, compromiso que se estenderá máis aló da resolución de resultar gañadora.

Terceira

O orixinal, que se publicará como álbum ilustrado, non deberá exceder os 5.000 caracteres. Enviarase xunto con cinco copias a:

BAÍA EDICIÓNS

Polígono Pocomaco, 2.^a Avenida. Parcela A2/52.

15190 A Coruña.

O prazo de recepción de orixinais remata o 2 de abril de 2018.

Cuarta

Con cada orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, xuntarase, en sobre pechado, o nome completo, enderezo, teléfono e correo electrónico da autoría, así como o título da obra indicando no mesmo: Premio FINA CASALDERREY 2018.

A participación implica o compromiso de que a obra é orixinal, inédita e non premiada.

Quinta

O premio, que poderá quedar deserto se a calidade das obras non fose estimábel, considerará unha única obra gañadora, á que se lle asigna unha dotación económica de **5.000 euros**.

As obras premiadas serán publicadas por Baía Edicións. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos estarán libres do pagamento de dereitos de autoría.

A autoría das obras premiadas comprométese a participar nos actos de promoción que organice a editorial.

Sexta

O xurado está composto por cinco persoas de recoñecido prestixio, unha delas da propia editorial, que actuará, asemade, como secretaria.

Sétima

A resolución do xurado darase a coñecer o 25 de xuño de 2018.

Oitava

As obras non premiadas non serán devoltas pola editorial.

Novena

A participación nesta convocatoria presupón a aceptación das presentes bases, así como das decisións do xurado, que serán inapelábeis.

A Coruña, marzo de 2018